

Felicidade

Katherine Mansfield

Tradución de María Ana Valladares Fernández



Malia que Bertha Young tiña trinta anos, aínda tiña momentos coma este nos que quería correr en lugar de camiñar, dar pasos de baile dentro e fóra da beirarrúa, rodar un aro, botar algo ao aire e collelo outra vez, ou quedar quieta e rirse de nada, simplemente de nada.

Que podes facer cando tes trinta anos e, ao dobrar a esquina da túa propia rúa, es superada de súpeto por un sentimento de felicidade, de felicidade absoluta, como se de socato tragases un anaco escintilante daquel sol da tardiña e este ardese no teu peito, enviando unha pequena choiva de chispas a cada partícula do corpo, a cada dedo das mans e dos pés?

Pero é que non hai xeito de expresalo sen estar “bébeda e trastornada”? Que idiota é a civilización! Por que se nos dá un corpo se hai que telo encerrado nunha caixa como un estraño violín?

“Non, o do violín non é xusto o que quero dicir”, pensou mentres subía as escaleiras e apalpaba polas chaves dentro do bolso (esquecéraas coma decote) e batucaba a caixa de correos. “Non é o que quero dicir porque...”

—Grazas, Mary —entrou no vestíbulo—. Volveu a coidadora?

—Sí, señora.

—E chegou a froita?

—Sí, señora. Chegou.

—Quere levar a froita ao comedor? Vou colocala antes de subir.

O comedor estaba escuro e bastante frío. Pero, así e todo, Bertha quitou o abrigo; non podía soportar nin un segundo máis o seu cinguido broche e o frío xélido caeulle sobre os brazos.

Pero no seu peito aínda permanecía aquel intenso lugar resplandecente, aquela choiva de chispas que procedía del. Era case insoportable. Apenas ousaba respirar por medo a avivala máis, pero respirou profundamente, profundamente. Apenas ousaba mirar o frío espello, pero fíxoo e este devolveulle unha muller radiante, con risos e

trémulos beizos, ollos grandes e negros, e con aspecto de estar atenta, á espera de que acontecese algo... divino..., que sabía que debería acontecer infaliblemente.

Mary trouxo a froita nunha bandexa e con ela un recipiente de vidro e un prato azul, moi fermoso cun estraño reflexo, coma se estivese mergullado en leite.

—Prendo a luz, señora?

—Non, grazas. Vexo bastante ben.

Había mandarinas e mazás manchadas de cor rosa amorodo; algunhas peras amarelas, suaves coma a seda, algunhas uvas brancas bañadas nun resplandor prateado e un grande acio das tintas. Mercara estas últimas para que combinasen coa alfombra nova do comedor. Si, soaba bastante rebuscado e absurdo, pero era realmente o motivo polo que as mercara. Pensara na tenda: “debo comprar uvas tintas para facer que destaque a alfombra”. Naquel momento parecera bastante razoable.

Así que rematou e fixo dúas pirámides con aquelas formas redondas e brillantes, afastouse da mesa para captar o efecto e foi realmente máis curioso porque a escura mesa parecía fundirse na sombría luz e o prato de cristal e o prato azul parecían flotar no aire. Dende logo que isto, dado o seu estado de ánimo, resultou tan incrivelmente fermoso.... Comezou a rir.

“Non, non. Estoume poñendo histérica”. Colleu o bolso e o abrigo e correu escaleiras arriba ata a habitación da nena.

A coidadora estaba sentada onda unha mesa baixa, dándolle a cea á pequena B, despois do baño. Levaba posto un vestido de flanela branco, unha chaqueta de la azul e o seu cabelo negro e fino fora recollido nun simpático moñiño. Alzou a vista cando viu a súa nai e comezou a saltar.

—Agora, meu corazón, a comelo todo como unha boa nena —dixo a coidadora de nenos, facendo un xesto cos beizos que Bertha coñecía, e que significaba que chegara á habitación noutro momento inoportuno.

—Foi boa, Nanny?

—Foi un amoriño toda a tarde —suspirou Nanny—. Fomos ao parque, sentei nun banco e saqueina do coche, veu un can grande que puxo a súa cabeza sobre os meus xeonllos e ela agarroulle a orella e tiroulle dela. Oi, había de vela!

Bertha quixo preguntar se non era algo perigoso deixar que agarrase a orella dun can estraño, pero non se atreveu. Quedou mirándoas, coas mans nos costados do corpo, como a nena pobre en fronte da nena rica que ten unha boneca.

A meniña ergueu a vista para mirala de novo, fitouna, e despois sorriu con tanto encanto que Bertha non puido evitar berrar:

—Ai Nanny, deixe que remate de darlle a cea mentres coloca as cousas do baño!

—Ben, señora, pero non debería cambiar de mans mentres come —suspirou a coidadora—. Iso amólaa; é moi probable que se altere.

Qué absurdo era iso. Para que ter un bebé se ten que estar gardado, non nunha caixa como un raro violín, senón nos brazos doutra muller?

—Teño que facelo! —exclamou Bertha.

Moi ofendida, a coidadora entregoulle a nena.

—Agora non a excite despois da cea. Xa sabe que o fai, señora. E vaia traballiño con ela despois!

A Deus grazas, Nanny saíu do cuarto coas toallas de baño.

—Agora téñote toda para min, cousiña bonita —dixo Bertha mentres a meniña se apoiaba contra ela.

Comeu de marabilla, sostendo os beizos mentres esperaba pola culler e despois movía as mans. Ás veces, non deixaba saír a culler da boca e outras, unha vez Bertha a enchera, a pequena B lanzábaa aos catro ventos.

Cando rematou a sopa, Bertha volveuse cara ao lume.

—Es bonita, es moi bonita! —dixo bicando a súa cálida meniña—Que agarimo che teño. Quérote. —E sen dúbida quería tanto á pequena B, o seu pescozo cando se inclinaba, os seus exquisitos pés que resplandecían con claridade á luz do lume, que aquel sentimento de felicidade volveu de novo, e outra vez non soubo como expresalo, nin que facer con el.

—Chámana ao teléfono —dixo Nanny, volvendo triunfante e collendo a súa pequena B.

Ela saíu pitando. Era Harry.

—Es ti Bertha? Mira, vou chegar tarde. Collerei un taxi e chegarei tan axiña como poida, pero demora a cea dez minutos, si? De acordo?

—Si, moi ben... Ai, Harry!

—Si?

Que tiña que dicir? Non tiña que dicir nada. Soamente quería seguir en contacto con el un momento. Non podía berrar absurdamente: “Non foi un día divino hoxe?”

—Que pasa? —espetou a voceciña.

—Nada. *Entendu* —dixo Bertha e colgou o auricular pensando que a civilización era moito máis que idiota.

Tiñan xente a cear. Os Norman Knights, unha parella moi sólida, el estaba a piques de inaugurar un teatro e ela era unha terrible entusiasta da decoración de interiores, o mozo Eddie Warren, que acababa de publicar un libriño de poemas e a quen todos convidaban a cear e un "achado" de Bertha, a señorita Pearl Fulton. Bertha non sabía a que se dedicaba a señorita Fulton. Coñecéranse no club social e Bertha namorárase dela, como adoitaba namorarse das mulleres fermosas que tiñan un aire estraño.

Iso era o estimulante; malia que se viran, se xuntaran varias veces e incluso falaran, Bertha non podía descifrar os sentimentos de Pearl. Ata certo punto Pearl era ás veces marabillosamente franca, pero o certo punto estaba alí, e ela non o excedería.

Había algo máis alá del? “Non”, dicía Harry que consideraba a Pearl insulsa e “fría como todas as louras, quizais, cun toque de anemia cerebral”. Pero Bertha non estaba de acordo con el en absoluto, non aínda. “Non, o xeito que ten de sentar, coa cabeza un pouco a un lado e sorrindo, agocha algo, Harry, e teño que descubrir ese algo”.

“Probablemente sexa un bo estómago”, contestaba Harry.

Adoitaba sorprender a Bertha con comentarios dese tipo: “fígado conxelado, querida” ou “pura flatulencia” ou “deficiencia renal” e outros polo estilo. Por algunha estraña razón a Bertha gustáballe e admirábao moito por iso.

Entrou na sala e avivou o lume; logo, recollendo un por un os almofadóns que Mary colocara con tanto esmero, botounos sobre as cadeiras e os sofás. Que diferenza! O cuarto cobrou vida no momento. Cando estaba a piques de botar o último, sorprendeuse ao verse de súpeto abrazada a el apaixonadamente, apaixonadamente. Pero isto non apagou a calor do seu peito. Todo o contrario!

As ventás da sala abríanse a un balcón que daba ao xardín. No fondo, contra o muro, había unha pereira grande e esvelta en plena e abundante floración, estaba perfectamente erguida, como encalmada contra o verde xade do ceo. Bertha non puido evitar notar, malia a distancia, que non tiña tan só un agromo ou un pétalo murcho. Abaixo, nos macizos do xardín, os tulipáns vermellos e amarelos, cargados de flores, parecían descansar sobre o solpor. Un gato gris arrastrábase silandeiamente co bandullo

sobre o céspede, e outro negro, a súa sombra, arrastrábase detrás del. Velos tan atentos e agudos provocou en Bertha un curioso tremor.

—Que cousa máis arrepiante son os gatos! —baluciu e afastouse da ventá, e comezando a camiñar de arriba a abaixo...

Os xuncos desprendían un intenso olor na cálida estancia. Demasiado intenso? Oh, non. E outra vez, como desbordada, botouse nun sofá e premeu as mans contra os ollos.

—Son demasiado feliz, demasiado feliz! —murmurou.

E parecíalle ver sobre as súas pálpebras, a fermosa pereira cos abrochos totalmente abertos como un símbolo da súa propia vida.

A verdade é que o tiña todo; era nova; Harry e ela estaban máis namorados que nunca, levábanse de marabilla e eran moi bos compañeiros; tiñan unha meniña adorable; non tiñan por que preocuparse polos cartos; tiñan unha casa e un xardín maravillosos; amigos modernos, interesantes, escritores, pintores, poetas e xente motivada polas cuestións sociais; e ademais, estaban os libros, a música e atopara unha maravillosa modista; viaxaban ao estranxeiro no verán e a súa nova cociñeira facía as mellores tortillas.

—Son absurda! Absurda! —Sentou; pero estaba algo mareada, algo ebria; debía de ser a primavera.

Si, era a primavera. Agora, estaba tan cansa que non podía arrastrar o corpo ó seu cuarto para vestirse.

Un vestido branco, un colar de doas de xade, zapatos e medias verdes. Non era casual; pensara nesta combinación durante horas mentres permanecía na ventá da sala.

Os seus pétalos murmuraron delicadamente no recibidor; bicou a Sra. Norman Knight, que estaba a quitar o máis gracioso abrigo laranxa cunha procesión de monos negros arredor da dobra e na fronte.

—Por que?, por que?, por que a clase media é tan insípida?, cunha total carencia do sentido do humor. Querida, estou aquí por sorte, Norman é a sorte protectora. Os meus queridos monos alporizaron tanto o tren que se converteu nunha mirada que case me comía —dixo a señora Norman Knight—. Non foi gracioso, nin divertido, como me gustaría. Non, só me fitaban e cravaban as súas miradas en min.

—Pero o máis gracioso foi —dixo Norman colocándose un gran monóculo con montura de cuncha de tartaruga—, non che molesta que conte isto, Face, non?

(chamábanse Face e Mug na casa e entre os amigos), o máis gracioso foi cando, xa farta, volveuse cara á muller que tiña ao seu carón, e díxolle “seica nunca viu un mono”?

—Ai si! —dixo a señora Norman Knight uníndose ás gargalladas—. Foi moi gracioso, non si?

E o máis cómico era que, agora que quitara o abrigo, parecía un mono moi intelixente que mesmo fixera aquel vestido de seda amarela con mondas de bananas. E os seus pendentes de ámbar parecían diminutas noces colgando.

—Que tristeza! Que tristeza! —dixo Mug deténdose en fronte do cochiño da pequena B—. Cando o cochiño entra na sala... —e deixou a frase sen rematar.

Tocaron o timbre. Era Eddie Warren, delgado e pálido, como sempre, nun estado de angustia agudo.

—É esta a casa, verdade? —preguntou.

—Creo que si, iso espero —dixo Bertha animadamente.

—Tiven unha experiencia tan horrible cun taxista; era do máis sinistro. Non podía conseguir que se detivese; canto máis golpeaba o cristal, máis rápido ía. E baixo a luz da lúa, esa estraña figura coa cabeza esmagada, acazapada ao volante...

Estaba tremendo cando quitou unha inmensa bufanda branca de seda. Bertha decatouse de que os seus calcetíns tamén eran brancos, do máis encantador.

—Pero que horrible! —exclamou ela.

—Si que o foi —contestou Eddie e seguíuna ata a sala—. Vinme conducindo a través da Eternidade nun taxi sen limitación de tempo.

Xa coñecía os Norman Knights. De feito, ía escribir unha obra para eles cando o proxecto do teatro se puxese en marcha.

—Que Warren?, como vai a obra? —preguntou Norman Knight deixando caer o monóculo e dándolle ao seu ollo un momento para subir á superficie antes de volver aparafusalo.

—Oh Warren, que calcetíns tan alegres! —dixo a señora Norman Knight.

—Alégrome de que lle gusten —dixo el, fitando os pés—. Parece que se puxeron máis brancos dende que saíu a lúa—. Volveu a súa faciana aínda nova, delgada e tristeira cara a Bertha—. Hai unha lúa, sabes ...

—Bertha quería berrar: estou segura de que a hai, a miúdo, moi a miúdo!

El era unha persoa sumamente atractiva; pero tamén o era Face, encollida diante do lume coas súas mondas de banana, igual que Mug, que fumaba un cigarro e dicía mentres sacudía a cinza:

—Por que tarda o noivo?

—Velaí está.

A porta de entrada abriuse e pechouse de golpe.

—Ola a todos! —exclamou Harry—. Baixo en cinco minutos —e oírono correr escaleiras arriba. Bertha non puido evitar sorrir; sabía canto adoraba Harry facer as cousas baixo presión. Despois de todo, que importaban cinco minutos máis. Pero convencíase a si mesmo de que importaban máis da conta. Despois, tiña a cousa de entrar na sala, completamente imperturbable e sosegado.

Harry tiña tanto entusiasmo pola vida. E ela apreciáballo! E a súa paixón por loitar —por esforzarse por todo aquilo que se lle cruzaba no camiño, outra proba do seu poder e coraxe— iso Bertha tamén o entendía. Aínda cando o facía algunhas veces un tanto ridículo perante xente que non o coñecía ben, porque sempre se encaraba na batalla aínda que non houbera tal batalla... Púxose a falar e rir, e esqueceu por completo, ata que el entrou (tal e como imaxinara) que Pearl Fulton non chegara.

—Pregúntome se a señorita Fulton se esquecería...

—Iso espero —dixo Harry—, ten teléfono?

—Ah! Chegou un taxi agora. —Bertha sorriu con ese airiño de posesión que sempre asumía cando os seus achados femininos eran novos e misteriosos—. Vive nos taxis.

—Daquela vai engordar —dixo Harry friamente, mentres tocaba a campaiña para cear—. Terrible perigo para unha dama loura.

—Harry, non —advertiu Bertha ríndose del.

Veu outro minúsculo momento, mentres esperaban, no que charlaron, riron, un momentíño para distenderse. E logo apareceu a señorita Fulton sorrindo, vestida de prata, e cunha fita prateada suxeitándolle o cabelo louro e coa cabeza levemente inclinada cara a un costado.

—Chego tarde?

—Non aínda —dixo Bertha—, veña. —Colleuna do brazo e dirixíronse ao comedor.

Que había no contacto daquel frío brazo que podía excitar —empezar a avivar—, o lume da felicidade coa que Bertha non sabía que facer?

A señorita Fulton non a mirou; pero ela rara vez miraba a xente directamente. As súas pesadas pestanas caíanlle sobre os ollos, e o estraño medio sorriso íalle e víñalle aos beizos, coma se vivise máis oíndo que observando. Pero, de súpeto, Bertha soubo, coma se a ollada máis prolongada e máis íntima se cruzase entre elas, coma se se dixesen unha á outra: “Ti tamén?”, que Pearl Fulton, que remexía a fermosa sopa vermella no prato gris, estaba a experimentar xusto o que ela mesma sentía.

E os outros, Face e Mug, Eddie e Harry subían e baixaban as culleres, enxugaban os beizos cos panos, beliscaban o pan, xogaban cos garfos e as copas e parolaban.

—Coñecina no espectáculo en Alpha, a persoiña máis rara. Non só cortara o cabelo, senón que tamén parecía que lle dera unha terrible tesoirada ás pernas, aos brazos, ao pescozo e tamén ao seu pobre nariciño.

—Non está moi unida a Michael Oat?

—O home que escribiu *Love in False Teeth*¹?

—Quere escribir unha obra para min. Dun acto. Un home. Decide suicidarse. Expón todas as razóns polas que debe facelo e polas que non. E, xusto cando decide facelo ou non, córrese o pano. Non é unha mala idea.

—Como vai titulala, *Stomach Trouble*²?

—Creo que din coa mesma idea nunha crítica francesa, bastante descoñecida en Inglaterra.

Non, non coincidían en nada; eran adorables, adorables, e gustáballe telos a todos alí, na súa mesa, e ofrecerlles succulentos manxares e viños. De feito, devecía por dicirlles que deliciosos eran e que elegante grupo facían, que se resaltaban mutuamente e lle traían á mente unha obra de Tchekov.

Harry estaba a deleitar a cea. Era algo propio del, non do seu carácter exactamente, e aínda menos da súa pose, o falar da comida e vangloriar a súa descarada paixón pola carne branca da lagosta e o verde do xeado de pistacho, verde e frío como as pálpebras das bailarinas exipcias.

¹ O Amor con dentadura postiza

² Doenza estomacal.

Cando ergueu a vista e lle dixo: “Bertha, este soufflé é admirable!”, ela tería chorado de felicidade coma unha nena.

Pero, por que sentía esta noite tanta tenrura por todo o mundo?... Todo estaba ben, todo era correcto. Todo canto acontecía parecía encher de novo de felicidade a súa desbordada copa.

E aínda estaba a pereira no fondo da súa mente. Agora estaría prateada baixo a luz da lúa do pobre Eddie, prateada como a señorita Fulton que estaba alí sentada cunha mandarina entre os seus longos dedos, tan pálidos que parecían desprender unha luz.

O que era totalmente incapaz de entender, algo que resultaba milagroso, era como descifrara o ánimo de Pearl, tan exactamente e tan ao momento; porque non dubidou nin por un momento que estaba no certo pero, así e todo, que tiña para fundamentarse? Menos que nada.

“Creo que isto pasa raramente, moi raramente entre as mulleres. Nunca entre os homes”, pensou Berta. “Mentres preparo o café na sala, quizais ela dea un sinal”.

Ao que se refería con isto nin sequera o sabía, e o que acontecería despois non podía nin imaxinalo.

Mentres pensaba nisto atopouse falando e rindo. Tiña que falar dadas as súas gañas de rir.

“Ou río ou morro”.

Pero cando viu o gracioso hábito que tiña Face de meter algo dentro do corpiño, coma se ocultase alí un diminuto tesouro secreto de noces, Bertha tivo que cravar as unllas nas mans para non botar unha boa gargallada.

Por fin pasou.

—Veñan ver a miña nova máquina de café —dixo Bertha.

—Só temos unha máquina de café nova unha vez cada quince días —dixo Harry.

Desta vez Face colleuna do brazo; a señorita Fulton baixou a cabeza e seguiuna.

Na sala o lume esmorecera ata converterse nun vermello e escintilante “niño de crías de fénix”, dixera Face.

—Non acendas a luz polo de agora. É tan fermoso—. Aniñouse xunto ao lume outra vez. Sempre tiña frío... “Claro!, sen a súa chaqueta de flanela vermella”, pensou Bertha.

E nese momento, Pearl, deu o sinal:

—Teñen xardín? —pronunciou coa súa voz fría e amodorrada.

Foi tan exquisito pola súa parte, que todo canto Bertha puido facer foi obedecer. Cruzou o cuarto, correu as cortinas e abriu aquelas amplas ventás.

—Alí! —exhalou.

As dúas mulleres ficaron de pé unha ao carón da outra, ollando a esvelta árbore en flor. Malia que estaba tan inmóbil, parecía, como a chama dunha candeia, que se estarricaba, que se aguzaba e axitaba no luminoso aire, e que se facía máis e máis alta a medida que a contemplaban, case a piques de tocar o bordo da redonda lúa prateada.

Canto tempo estiveron alí de pé? Ambas as dúas, fora como fora, atrapadas naquel círculo de luz misteriosa, entendéndose unha a outra perfectamente, criaturas doutro mundo, e preguntándose que haberían de facer neste con todo aquel tesouro cheo de felicidade que lles ardía no peito e caía en flores de prata dos seus cabelos e das súas mans.

Sempre; ou un momento? E a señorita Fulton murmurou:

—Si. Só iso. —Ou Bertha soñárao todo?

Logo acendeuse a luz de súpeto, Face fixo o café e Harry dixo:

—A miña querida señora Knight, non me pregunte pola miña pequecha xa que nunca a vexo. Non sentirei o máis mínimo interese por ela ata que teña noivo—. Mug sacou o monóculo por un intre pero volveuno colocar axiña, Eddie Warren bebeu o café e pousou a cunca con cara de angustia, coma se ao bebelo vira unha araña.

—O único que quero é darlle unha oportunidade á xente nova. Creo que Londres está ateigado de obras de primeira clase, obras por escribir. O que quero dicirlles é : “Aquí teñen o teatro. Adiante con afervoamento!”

—Sabía, querido, que vou decorar unha habitación para Jacob Nathans? Estou tan tentada de levar a cabo un proxecto baseado no peixe frito, co respaldo das cadeiras con forma de tixola, e unhas fermosas patacas fritas bordando todas as cortinas

—O problema cos nosos mozos que escriben é que aínda son demasiado románticos. Non se pode comezar a navegar sen se marear e necesitar unha almofía. Por que non teñen o valor de aceptar esas almofías?

—Un horroroso poema sobre unha moza que foi violada por un mendigo sen nariz nun bosque pequeno...

Pearl Fulton afundiuse na cadeira de brazos máis baixa e profunda e Harry ofreceu cigarros.

Polo xeito no que se detivo fronte a ela axitando a caixa de prata e dicindo con brusquidade: "Exipcios, turcos, de Virxinia... están todos mesturados", Bertha decatouse de que Pearl non só lle resultaba molesta senón que realmente lle resultaba antipática. E a xulgar como Pearl respondeu, "Non grazas, non fumo", Bertha determinou que ela tamén o notara e que estaba doída.

"Harry non a despreces. Estás totalmente equivocado con respecto a ela. Pearl é marabillosa; ademais, como podes sentir algo tan diferente por alguén que significa tanto para min? Tratarei de contarche esta noite, cando esteamos na cama, o que estivo acontecendo; as cousas que as dúas compartimos."

Ante esas palabras finais, algo estraño e un tanto arrepiante se precipitou sobre a súa mente. Ese algo cego e riseiro murmuráballe: "Esta xente partirá axiña. A casa estará en silencio. As luces apagaranse. E ti e mais el estaredes sós no cuarto, ás escuras, xuntos na cama cálida..."

Saltou da cadeira e correu ao piano.

—Que mágoa que ninguén toque! —clamou—, que mágoa!

Por primeira vez na súa vida, Bertha Young desexaba ao seu marido. Amábao, estivera namorada del, por suposto, de distintas formas, pero non deste xeito. E, polo tanto, comprendera que el era diferente. Discutiran sobre iso moi a miúdo. Ao principio preocupáralle terriblemente descubrir que era tan fría, pero co tempo non pareceu ser un problema. Había tanta sinceridade entre eles, eran tan bos compañeiros. Iso era o mellor de seren un matrimonio moderno.

Pero agora, desexábao apaixonadamente!, apaixonadamente!; a palabra producíalle dor no seu ardente corpo. Era a isto a onde a conducira o sentimento de felicidade? Pero entón:

—Querida miña —dixo a señora Norman Knight—, xa coñece a nosa desgraza, somos vítimas do tempo e do tren. Vivimos en Hampstead. Todo foi moi agradable.

—Acompáñoos ao vestíbulo. Encantaríame telos máis. Pero non deberían perder o último tren, sería moi desagradable, non?

—Tomemos un whisky, Knight, antes de que marchedes —instou Harry.

—Non grazas, amigo.

Bertha ao darlle a man a Harry apertoulla aínda máis por isto.

—Boas noites!, adeus! —exclamou dende o alto da escaleira, sentindo que algo de si mesma se despedía deles para sempre. Cando regresou á sala, o resto preparábase para marchar.

—Entón vostede poderá percorrer parte do camiño no meu taxi...

—Estaría moi agradecido de non ter que enfrontarme a outra viaxe só despois da horrorosa experiencia que sufrín.

—Poden coller un taxi na parada, xusto ao final da rúa. Non terán que andar máis que uns metros.

—Que cómodo! Vou poñer o abrigo.

A señorita Fulton foi ao vestíbulo e Bertha dispoñíase a seguila cando Harry case a empurra ao pasarlle diante:

—Deixe que lle axude.

Bertha sabía que estaba arrepentido pola súa descortesía, así que o deixou. Que infantil era ás veces, tan impulsivo, tan inxenuo.

Eddie e ela quedaron ao carón do lume.

—Pregúntome se viches o novo poema de Bilks titulado: Table d'Hôte —dixo Eddie docemente—. É marabilloso. Está na última Antoloxía. Tes o libro? Como me gustaría amosarcho! Comeza cunha frase increíblemente fermosa: “Por que sempre ha de haber sopa de tomate?”

—Si —dixo Bertha—. E moveuse caladiñamente ata unha mesa que estaba en fronte da porta do comedor; Eddie deslizouse tras dela en silencio. Ela colleu o libriño e entregoullo; non fixeran o máis mínimo ruído.

Mentres Eddie o folleaba, ela volveu a cabeza cara ao vestíbulo e viu a Harry co abrigo da señorita Fulton nos brazos; a señorita Fulton dáballa as costas e tiña a cabeza inclinada. Botoulle o abrigo, puxo as mans nos seus ombros e volveuna violentamente cara a el.

Os seus beizos dixeron:

—Adórote.

E a señorita Fulton pousou os dedos que desprendían raios de lúa nas súas meixelas e esbozou o seu sorriso soporífero. As fosas nasais de Harry estarreceron; os seus beizos pregáronse nun horrible sorriso mentres murmuraba:

—Mañá.

E a señorita Fulton cun movemento das pálpebras dixo:

—Si.

—Aquí está —dixo Eddie—. Por que sempre ha de haber sopa de tomate? —É tan absolutamente certo, non cree? A sopa de tomate é tan terriblemente eterna.

—Se prefiren poden chamar un taxi e dicirlle que veña ata a porta —dixo Harry en voz alta, dende o vestíbulo.

—Oh non! Non é necesario —dixo a señorita Fulton que se achegou a Bertha e lle tendeu os seus delgados dedos—. Adeus, moitísimas grazas.

—Adeus —dixo Bertha.

A señorita Fulton sostivo a súa man un momento máis.

—A súa fermosa pereira...! —murmurou.

E despois marchou, con Eddie detrás, como o gato negro que seguía ao gris.

—Pecharei a tenda —dixo Harry totalmente relaxado e sosegado.

“A súa fermosa pereira..., pereira..., pereira”.

Bertha correu ata a ampla ventá.

—Que vai pasar agora? —berrou.

Pero a pereira estaba tan fermosa coma sempre, tan chea de flores e tan inmóbil.